



Expediente núm.: 68/2017

Acta da sesión de corrección do segundo exercicio do 25/10/2017

Día e hora da reunión: 25 de outubro de 2017, á 08:40 horas

Lugar de celebración: Salón de actos da casa consistorial

Orde do día: Constitución do tribunal e desenvolvemento do segundo exercicio das probas de selección de persoal funcionario interino, praza de operario de servizos múltiples.

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E DESENVOLVEMENTO DO SEGUNDO EXERCICIO

En As Nogais, o 25 de outubro de 2017.

Reunidos no salón de actos da casa consistorial, ás oito horas corenta minutos, os integrantes do tribunal cualificador, que se constitúe para valorar as probas selectivas dos aspirantes para cubrir as praza vacante de operario de servizos múltiples, en réxime de interinidade, no cadro de persoal municipal do Concello de As Nogais, son:

- Marta Barreiro Castro, presidenta do tribunal.
- José Ignacio López López, secretario do tribunal.
- Alejandro Alcalde Varela, vogal do tribunal.
- Lucía Mera Torneiro, vogal do tribunal.
- Alberto Lugilde Gude, vogal do tribunal.

Constituído o tribunal cualificador, e dacordo coas bases reguladoras da convocatoria da citada praza, acórdase proceder á realización e posterior avaliación do segundo exercicio, consistente nunha proba práctica, cuxo tempo foi estimado en media hora.

A cualificación do segundo exercicio é a seguinte:

- Eiras Redondo Adrian, 10 puntos; apto.
- López Asenjo Marcial, 5 puntos; non apto.
- Ruíz Mourín Demetrio, 20 puntos; apto.
- Fernández Vila Adrian, 5 puntos; non apto.

Posteriormente, este tribunal acorda o anuncio de aprobados no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web www.concelloasnogais.es e convoca á entrevista curricular, para o día **vintecinco de outubro, ás trece horas e quince minutos.**

Concello de As Nogais

C/ Rosalía de Castro, s/n, As Nogais. 27677 (Lugo). Tfno. 982364092. Fax: 982364150



O presidente dá por terminada a reunión ás dez horas corenta minutos, para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a acta, que someto á sinatura do presidente e vogais presentes, e dou fe.

As Nogais, 25 de outubro de 2017

Asdo: Marta Barreiro Castro

Asdo: Alejandro Alcalde Varela

Asdo: Lucía Mera Torneiro

Asdo: Alberto Lugilde Gude

Asdo: José Ignacio López López